



CÁTEDRA UNESCO
Innovación y gestión de la cultura
empresarial en el marco universitario

Entrega de premios

DÍA: Martes, 9 de xuño de 2009.

HORA: 12.00

LUGAR: Salón Reitoral do Colexio San Xerome

IX CONCURSO DE PROXECTOS EMPRESARIAIS INNOVADORES DA USC

PREMIOS E CATEGORÍAS:

Base tecnolóxica:

1º Premio- 9.000 €

2º Premio- 5.000 €

Empresa xove: 2.000 €

Muller emprendedora: 2.000 €

Prox. Medioambiental: 2.000 €

Con Sensibilidade Social: 2.000€

Patrocinan:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Investigación
Desenvolvemento e Innovación



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Promoción do Emprego

ÍNDICE



1. RELACIÓN DA TOTALIDADE DOS PROXECTOS PRESENTADOS
2. GRÁFICOS REPRESENTATIVOS
3. RELACIÓN DE PREMIOS E CATEGORÍAS
4. DESCRICIÓN DOS PROXECTOS FINALISTAS



1.- RELACIÓN DOS PROXECTOS PRESENTADOS.


Nº	CÓDIGO	DENOMINACIÓN
1	2009/01	Mª TERESA DÍAZ GÓMEZ
2	2009/02	ALQUILERES GALICIA ON LINE
3	2009/03	DONKEY COSMETICS
4	2009/04	SCORE BIOTECH
5	2009/05	ENERGÍA Y COOPERACIÓN
6	2009/06	FACIOTERAPIA
7	2009/07	SEPIGAL
8	2009/08	AMSLAB
9	2009/09	LIBRARÍA CAFE
10	2009/10	JAVIER VARELA ASESOR ON LINE
11	2009/11	INVENTA+, CONSULTORÍA E INGENIERÍA, S.L.
12	2009/12	HOMOLOGACAR, S.L.
13	2009/13	MUNDO SMS
14	2009/14	INSTITUTO ROSELL, S.L.
15	2009/15	TEIMAS DESENVOLVEMENTO, S.L.
16	2009/16	ON TOUCH
17	2009/17	A TATARINA
18	2009/18	HUMEBIOTIC
19	2009/19	FAÍSCA WATCH, S.L.L.
20	2009/20	TELEINTERPRETACIÓN
21	2009/21	PELOIDES TERMALES
22	2009/22	MATADERO AVÍCOLA
23	2009/23	CLINIC SERVICES
24	2009/24	TECNOFOR
25	2009/25	E- SOSTENIBLE
26	2009/26	MINICHIC
27	2009/27	ÁRTABRA COAST CRUISES, S.A.
28	2009/28	MATADER AVÍCOLA (REPT.)
29	2009/29	SOUND OF NUMBERS,S.L.
30	2009/30	SEMENTA
31	2009/31	BIOVIA CONSULTORA AMBIENTAL
32	2009/32	XEIRA
33	2009/33	Mª TERESA DÍAZ GÓMEZ (REPT.)
34	2009/34	CLIMADAPTACIÓN
35	2009/35	PLEITEANDO.COM
36	2009/36	PAFES CONSTRUCCIÓN SOSTENIBLE
37	2009/37	SALUGREL
38	2009/38	EQUIGALIA
39	2009/39	NEVENTIA GESTIÓN, S.L.

40	2009/40	GALICATESSEN
41	2009/41	RESVERALIFT
42	2009/42	VINO DESALCOHOLIZADO
43	2009/43	PRODUCCIÓN DE FARIÑA E FARELO ECOLÓXICO
44	2009/44	HOLÍSTICA
45	2009/45	NANOIMMUNOTECH

2.- GRÁFICOS REPRESENTATIVOS.







3.- RELACIÓN DE PREMIOS E CATEGORÍAS

Os premios concederanse por proxecto independentemente do número de participantes no mesmo.

Premios de base tecnolóxica:

1º Premio- 9.000 €+ ata 24.000 € de financiamento mediante préstamo participativo

2º Premio- 5.000 €

Premio empresa xove: 2.000 €

Premio muller emprendedora: 2.000 €

Premio proxecto medioambiental: 2.000 €

Premio proxecto con sensibilidade social: 2.000€

4.- DESCRIPCIÓN DOS PROXECTOS GAÑADORES

AMSlab

PREMIO BASE TECNOLÓXICA.- PRIMEIRO PREMIO

Breve Descrición

Creación dun laboratorio de análises químicas para o desenvolvemento de servizos de análises que requiran alta tecnoloxía e alto nivel científico e servizo de consultoría e asesoría técnica para proxectos de I+D. O laboratorio estaría baseado na técnica HPLC-MSMS (cromatografía líquida de alta eficacia acoplada a espectrometría de masas -masas) e estaría dotado con equipamento de alta tecnoloxía de gama alta.

O mercado atópase dividido en tres zonas: a rexión noroeste (mercado agroalimentario e medioambiental), resto de España (Mercado químico e farmacéutico) e Europa (Mercado químico e farmacéutico) .

Os tipos de clientes aos que se dirixe se clasifican en 3 grandes grupos: industria farmacéutica, mercado aplicado (alimentación, medioambiente e clínica) e Organismos Públicos.

AMSlab non somente actuará como provedor dun servizo inovador senón tamén como como provedor de innovación.

A empresa aportará solucións a distintos sectores coma ao farmacéutico (solucións integrais nos puntos de desenvolvemento dos fármacos); á industria alimentaria (solucións hacia os residuos de medicamentos e contaminantes; ao medioambiente (facilitando a detección, identificación e confirmación de contaminantes; e saúde (aplicando a tecnoloxía HPLC-MSMS de alta gama ofrecerá solucións a hospitais).

A empresa AMSlab colabora cos grupos de investigación da USC aos que os promotores pertencen, dirixidos tanto a investigación básica como aplicada, polo que se amosa unha clara intención de estar vinculado de forma permanente a esta universidade. Por outro lado AMSlab ten chegado a un acordo de colaboración coa empresa APPLIED Biosystems, que facilitará a adquisición dun equipo de HPLC-MSMS e asimesmo contratará os servizos ofrecidos por AMSlab para a realización de demostracións aos seus clientes tanto a nivel nacional coma europeo.

A empresa está participada pola sociedade de capital risco da USC (UNIRISCO).

Ubicación actual da empresa: Centro de Empresas e Innovación do Concello de Lugo

Identificación e descrición dos produtos que ofrece

Servicios analíticos: análises químicas, microbiolóxicos e xenéticos dirixidos ao sector agroalimentario, medioambiental e acuícola.

Servicios para a industria química básica e da saúde:

- Para o subsector da química básica: análise de impurezas e investigación analítica.
- Para o subsector da química da saúde (industrias farmacéuticas humanas, veterinarias): estudos químicos, análises de metabolismo, validación de biomarcadores, estudos farmacocinético.
- Para o subsector químico (para a industria e consumo final): estudos químicos para a industria de perfumería e cosmética e investigación analítica para materiais manufacturados.

Servicios de consultaría/asesoría científico-técnica:

- Estudos químicos a medida: desenvolvemento e validación de métodos analíticos.
- Asesoramento científico técnico.

Transferencia e implementación do protocolo na industria.

Vantaxes do método de análise utilizado por AMSlab: tempo de resposta curtos, confirmación de máis compostos por análise (métodos confirmatorios), centos de compostos nun só análise (métodos screening).

Grao de innovación produto, proceso ou servizo

A innovación radica fundamentalmente no uso dunha tecnoloxía analítica avanzada baseada nas técnicas de cromatografía líquida de alta resolución acoplada á espectrometría de masas, o que permite realizar análises máis rápidas e precisas que a través de outro tipo de técnicas. No estudo de mercado desenvolvido polos promotores non se detectou ningunha empresa no noroeste de España que ofrezca esta tecnoloxía aplicada ao sector alimentario e medioambiental, é a que existe no sur tan só está especializada no uso de pesticidas. Esta é unha tecnoloxía que actualmente non ofrece ningunha empresa.

Unha das utilidades máis novidosas das técnicas utilizadas por AMSlab e a que está dirixida ao campo clínico forense, referida á detección dunha forma máis fiable e precisa de drogas de abuso, intoxicacións, análises de explosivos entre outras substancias.

A innovación tamén ven marcada polo know-how materializado tanto na formación coma na experiencia do persoal de AMSlab.

Primeiro laboratorio privado galego con tecnoloxía HPLC-MSMS de gama alta.

Equipo promotor

O equipo promotor deste proxecto empresarial está constituído por:

Sandra Pedreira García. Licenciada con grado en ciencias químicas pola USC. Especialidade en química analítica, nutrición e bromatoloxía. Liñas de investigación nas temáticas de determinación de metais usando FI-EAAA con chama, análise de hormonas esteroideas naturais por HPLC-MSMS. Experiencia en técnicas instrumentais. 8 publicacións en revistas internacionais. Actualmente desenvolve a tese de licenciatura no laboratorio de hixiene e inspección de alimentos da facultade de veterinaria de Lugo.

Manuel Lolo Aira. Doutor en ciencias químicas pola USC, na especialidade de química orgánica. actualmente xerente de AMSlab. Liñas de investigación nas temáticas de síntese de ciclodépsidos, optimización dunha metodoloxía analítica global baseada na PCR, determinación de quinolonas e fluoroquinolonas mediante a técnica HPLC-MS. 6 publicacións en revistas internacionais. Experiencia en técnicas instrumentais. Dende o 2005 ata o 2007 desempeñou a función de inxeñeiro especialista de aplicacións no grupo soporte de LCMS en Applied Biosystems (compañía americana, actualmente a máis importante en tecnoloxía HPLC-MS).

Ramón José Estévez Cavanis. Catedrático de química orgánica da Universidade de Santiago de Compostela. 15 proxectos de investigación como investigador principal nas temáticas de glicoquímica, síntesis e avaliación biolóxica de compostos naturais e de deseño, e estudio computacional de procesos químicos. Experiencia en técnicas instrumentais. Promotor e asesor das empresas químicas de base tecnolóxica Galchimia, Green Solutions. 80 publicacións científicas.

Gabriel Tojo Suárez. Profesor titular da facultade de química da USC (campus Santiago) na área de química orgánica. 10 proxectos de investigación (investigador principal) nas temáticas de compostos antitumorales, fotoquímica en síntesis orgánica e metodoloxía sintética usando titanio activo. Experiencia en técnicas instrumentais. Promotor e asesor das empresas químicas de base tecnolóxica Galchimia, Green

Solutions. Asesor científico en síntesis orgánica e patentes de Galchimia, S.L., medichem, S.A., e PharmaMar, S.A. 21 publicacións científicas.

Carlos Herrero Latorre. Profesor titular da facultade de química da USC (campus Santiago) na área de química analítica, nutrición e bromatoloxía. 6 proxectos de investigación no campo de estudos químicos aplicados aos ámbitos da alimentación e medioambiente. Experiencia en técnicas instrumentais.

M^a do Carme Pampín Casal. Doctora en ciencias químicas pola USC na especialidade de química orgánica. Na actualidade é xerente de Galchimia, S.L. Liñas de investigación na temática de aplicacións sintéticas do ácidos fenilacetilbenzoicos e química de estilbenos. 4 publicacións en revistas internacionais. Socia fundadora de Galchimia, S.L.

Jacobo Cruces Colado. Doctor en ciencias químicas pola USC na especialidade de química orgánica. Na actualidade é xerente de Galchimia, S.L. Liñas de investigación en síntesis de dibenzopirrocolinas e benzol así como estudos sobre a síntesis e novas aplicacións de ácidos fenilacetilfenilacéticos. 3 publicacións en revistas internacionais. Participación en 2 proxectos de investigación. Socio fundador de Galchimia, S.L.

NANOIMMUNOTECH

PREMIO DE BASE TECNOLÓXICA .- SEGUNDO PREMIO

Breve Descrición:

A empresa denominarase NIT NANOIMMUNOTECH, S.L. e ten orixe na Universidad de Vigo (Campus As Lagoas).

A idea de negocio é prestar servizos de funcionalización, caracterización e validación de nanopartículas previamente aos usos e aplicación en organismos vivos.

Antes de utilizar as nanopartículas con finalidade terapéutica ou de diagnósticos en organismos, in vivo, é necesario realizar probas de funcionalización e estudos de compatibilidade e toxicidade, así como unha caracterización física, química e biolóxica das nanopartículas. Unha vez que estas probas están realizadas e os resultados son positivos, a empresa recibe a validación para comezar as fases iniciais do ensaio clínico.

Actualmente, o equipo promotor xa está traballando nestas tarefas (no ano 2008 desenvolveu 33 nanopartículas para empresas e institutos de investigación), concretamente desenvolvendo os seguintes aspectos:

- Desenvolvemento de metodoloxías de biofuncionalización de nanopartículas de interese biolóxico.

- Caracterización físico-química das nanopartículas.
- Realización de análises de biocompatibilidade: toxicidade, inflamación, agregación...
- Asesoría sobre o deseño e aplicación de nanopartículas.

Os clientes aos que se dirixirá a empresa son principalmente empresas farmacéuticas, biotecnolóxicas, universidades, centros de investigación, laboratorios, hospitais... distribuídos nos seguintes segmentos de mercado:

- Segmento farmacéutico: neste segmento englobáanse empresas farmacéuticas, cosméticas, hospitais, clínicas e laboratorios
- Centros de investigación.
- Segmento biotecnolóxico
- Universidades.

Identificación e descrición dos produtos que ofrece

Os servizos que prestará a empresa pódense englobar nos seguintes grandes grupos:

- Caracterización físico-química: topoloxía, peso molecular, agregación, pureza, estabilidade...
- Caracterización biolóxica:
 - Métodos in vitro: esterilidade, agregación, visualización, toxicidades, avaliación de citocinas inflamatorias, fagocitosis ou endocitosis e activación de complemento.
 - Métodos in vivo: distribución tisular, dose letal LD50 en ratón, exposición sistémica, inmunotoxicidade, inmunoxenicidade, hematoloxía, eficacia terapéutica (número necesario de nanopartículas), histopatoloxía e vacunas (análise por ELISA).
- Análise de biocompatibilidade.
- Funcionalización das nanopartículas, é dicir, a unión ás nanopartículas de diferentes moléculas de interese biolóxico nas áreas da biotecnoloxía (sensores, marcadores...), da química (interaccións moleculares) e da medicina (terapia, diagnóstico..)

Grao de innovación, produto, proceso ou servizo:

O servizo que prestará a empresa ten carácter innovador dentro do seu sector. Existe un baixo número de competidores a nivel español. A innovación está demostrada pola posesión de varias patentes sobre parte dos procesos e análises que levan a cabo.

Equipo promotor

O equipo promotor está composto por cinco persoas:

- ✓ **Christian Sánchez Espinel**– Coordinador do proxecto. Universidade de Vigo.
- ✓ **África González Fernández**– Doctora en Medicina, especialista en Immunoloxía. Profesora titular de Universidade. Membro da plataforma nacional e europea de Nanomedicina. Universidade de Vigo.
- ✓ **RM Ibarra García**– Catedrático de Universidade. Universidade de Zaragoza. Director do Instituto de Nanociencia de Aragón (INA).
- ✓ **Valeria Grazú Bonavía**– Investigadora postdoctoral (INA). Zaragoza.
- ✓ **J. Martínez de la Fuente**– Investigador postdoctoral (INA). Zaragoza. Responsable do Grupo de Nanopartículas e Superficies Biofuncionais do INA e coordinador do área de Nanobiotecnoloxía e Nanomedicina de Nanospain.

MINICHIC

PREMIO EMPRESA XOVE

Breve Descrición

Proxecto adicado á creación e deseño de espazos infantís. As áreas de traballo serían:

Arquitectura e interiorismo: creación, remodelación ou adecuación de ambientes de uso infantil.

Actividades de Deseño especializado: creación de mobiliario e obxectos relacionados cos espazos infantís, tendo en conta as últimas tendencias.

Creación dunha galería on line de arte contemporánea para nenos.

Identificación e descrición dos produtos que ofrece

Minichic ofrece os seguintes servizos:

MINICHIC ARQUITEK:

- proxectos para centros de educación infantil (0–6 anos)
- proxectos para bibliotecas infantís, bebetecas, ludotecas
- proxectos para clínicas infantís, hospitais
- proxectos de interiores
- playrooms e recantos de xogo (modelos minichic playhouse e OOVO)
- proxectos de reforma de locais

- servizo de asesoramento, colaboración e project management

MINICHIC dd: DIDACTICA E DESEÑO

- paneis educativos (0-6 anos)
- paneis de estimulación (0-18 meses)
- paneis decorativos
- áreas de esparcemento
- mobiliario específico
- rótulos

MINICHIC GALERY

Galeria de arte on line onde se poden adquirir obras de arte creadas por artistas contemporáneos. Pensada para empresas vinculadas ao mercado infantil

Grao de innovación do produto, proceso ou servizo

Ofrecen un produto moi especializado onde a competencia é baixa.

- Ofrecen calidade e están orientados a un público moi ben definido
- Ofrecen innovación en canto á especialización do servizo
- Trasladan o coñecemento en áreas de psicoloxía e pedagogía infantil ao deseño de ambientes para a creación de espazos pensados só para o desenvolvemento integral dos máis cativos.

Equipo promotor

O equipo promotor deste proxecto empresarial está constituído polos seguintes promotores:

- **Rebeca Ros Liñeiro.** Licenciada en Bellas Artes, especialidade Audiovisuais.
- **Óscar Pérez Vázquez.** Arquitecto pola Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade de A Coruña.

PELOIDES TERMALES, S.L.

PREMIO MULLER EMPRENDEDORA

Breve Descrición:

Spin off do departamento de Física Aplicada da Universidade de Vigo. Trátase dunha consultoría enfocada a prestar servizos ao sector termal sobre produción, emprego e desenvolvemento de peloides (fangos termales) con propiedades á medida, tanto para aplicacións terapéuticas como cosméticas. Os peloides teñen accións analxésicas e antiinflamatorias polo que son obxecto dun crecente interese pola comunidade científica. A empresa Peloides é unha EBT que xurde a

partires das investigacións dos departamentos de Física Aplicada da Universidade de Vigo e mailo de Medicina da Universidade da Coruña. Os promotores son profesores e investigadores das universidades galegas e empregarán a infraestrutura dos laboratorios públicos para realizar o seu traballo. A empresa está orientada fundamentalmente ao mercado do turismo de saúde, en concreto como provedor de servicios e peloides para balnearios e talasos, sector que a nivel nacional facturou 3.225 millóns de euros en 2007.

Identificación e descrición dos produtos que ofrece

- Consultoría e asesoramento. Realización de estudos individualizados a partir de mostras da auga e sedimentos dos balnearios para determinar o mellor aproveitamento terapéutico destes recursos e apoiar a imaxe de marca
- Desenvolvemento de peloides e cosmética termal. Satisfacendo as demandas específicas dos clientes
- Estudos de eficacia e tests dermatolóxicos
- Importación, exportación e distribución de produtos

Grao de innovación, produto, proceso ou servizo:

O servizo é innovador e ten un importante compoñente científico, aínda que aparentemente non implica a utilización de tecnoloxía propietaria. Os promotores afirman que actualmente non existe ningunha empresa adicada á consultoría de peloides.

Equipo promotor

Lourdes Mourelle Mosqueira, Licenciada en Farmacia USC.

José Luis Legido Soto, Catedrático de Física Aplicada da Universidade de Vigo.

Rosa Meijide Faílde Catedrática da escola de fisioterapia da Universidade da Coruña.

Carlos Medina Filgueira, Profesor de educación secundaria IES Sanchez Cantón. Doctor Física Aplicada Universidade Vigo.

Carmen Gómez Pérez, Investigadora, Licenciada en Biología Universidade de Vigo.

Margarita García-Garabal Villar, licenciada en Ciencias da Educación. UNED

Perfecta Salgado González, Técnico de laboratorio . FP2

PREMIO PROXECTO MEDIOAMBIENTAL

Breve Descrición:

Consultora adicada, como actividade principal, á xestión integral de proxectos de cooperación co terceiro mundo, centrándose especialmente no ámbito das enerxías renovables.

Identificación e descrición dos produtos que ofrece:

A consultora ofrecerá os servizos de consultaría de xestión integral de proxectos “chave na man”, xa que aparte de propoñer ás administracións públicas o proxecto de cooperación, os promotores xestionan e teñen os coñecementos técnicos para elaborar o estudo, deseño da instalación, adquisición e envío de material, instalación e posta a punto das seguintes instalacións:

- Instalacións solares fotovoltaicas.
- Instalacións solares térmicas.
- Instalacións eólicas de baixa potencia.
- Instalacións de biomasa.
- Instalacións secundarias para cubrir outras necesidades como sistemas de bombeo de auga potable e deseño de equipos potabilizadores.

Grao de innovación produto, proceso e servizo:

O modelo de negocio plantéxase como unha consultora especializada en proxectos de cooperación internacional tratando de cubrir necesidades básicas para o desenvolvemento da poboación en países pertencentes á franxa do terceiro mundo, non só facilitando recursos senón tamén educando e formando á poboación indíxena para eles mesmos sexan capaces de desenvolverlos.

É indubidable que a civilización actual precisa da enerxía para o seu desenvolvemento, sen embargo existe unha grande porcentaxe de poboación mundial que non ten acceso a este ben básico. É habitual ver como os países subdesenvolvidos carecen de infraestruturas básicas para achegar á súa poboación algo tan esencial para a vida diaria como pode ser a electricidade e a auga quente. Dotar a estes países de instalacións de enerxías renovables é un concepto totalmente innovador, así como o interese por parte dos promotores de facer chegar o seu know-how á poboación co fin de salvar os obstáculos aos que se enfrentan día a día.

Equipo promotor

Este proxecto empresarial xorde como unha proposta de tres alumnos do Máster de Enerxías Renovables da USC, que aproveitando os coñecementos adquiridos no mesmo e a súa experiencia profesional. Os promotores traballaron no desenvolvemento dun proxecto de cooperación internacional da Xunta de Galicia e da USC, no Alto de la Paz de Bolivia que consistía na posta en marcha dunha instalación de paneis solares térmicos e fotovoltaicos nun albergue para nenos desfavorecidos. No proxecto empresarial involúcranse ademais dos tres alumnos un profesor do máster e un quinto promotor con ampla experiencia en xestión e loxística de proxectos de cooperación internacional.

A continuación relacionanse os cinco promotores do proxecto :

- **Manuel Alejandro Míguez Ruanova.** Licenciado en Física, pola USC. Máster Enerxías Renovables e Sosteñibilidade Enerxética USC
- **Carlos Antonio Fernández Villamarín.** Enxeñeiro Técnico Industrial.
- **Jorge Gómez Villamarín.** Mestre Industrial.
- **Daniel Rey Rey.** Enxeñeiro Técnico Informático. Máster Enerxías Renovables e Sosteñibilidade Enerxética USC
- **Francisco Manuel León Mayo.** Licenciado en Física, pola USC. Máster Enerxías Renovables e Sosteñibilidade Enerxética USC

PREMIO PROXECTO CON SENSIBILIDADE SOCIAL

Breve Descrición

Holística preséntase como unha spin off da área de humanidades, ofrecerá servizos de planificación cultural e turística que teñan relación co mundo lusófono, é dicir será unha empresa de xestión e planificación cultural e turística no ámbito lusófono. O concepto de negocio supón a implicación xeográfica de: España fronteiriza con Portugal, Portugal, Brasil, Angola, Cabo Verde, Guinea Bissau, Mozambique, Sao Tome e Príncipe.

Cabe destacar como competencia distintiva da empresa o traballar cun Grupo de Investigación que realizará as seguintes funcións para a empresa:

Innovación constante, aportación de recursos humanos moi cualificados, posibles contactos para a empresa, aplicación de metodoloxía distintiva para a planificación cultural e turística.

Identificación e descrición dos produtos que ofrece

A- Asesoramento sobre relacións culturais:

- 1- Irmanamento de concellos.
- 2- Protocolo de negocios.
- 3- Mediación cultural noutros eidos (integración de inmigrantes).
- 4- Prospeccións de mercado sobre o sector turístico
- 5- Servizos de tradución e posta en valor dos aspectos culturais na intervención dunha conversa.

B- Proporcionar contidos:

- 1- Para páxinas web.
- 2- Axendas culturais.
- 3- Roteiros.
- 4- Guías culturais.
- 5- Eventos.
- 6- Materiais didácticos.

C- Organización de eventos:

- 1- Congresos
- 2- Xornadas

D- Formación(plataforma e-learning):

- 1- Cursos de cultura empresarial lusófona
- 2- Cursos de portugués para galegos

- 3- Cursos de portugués para hispanofalantes
 - 4- Cursos de portugués para negocios
 - 5- Curso de portugués comercial
 - 6- Curso de portugués administrativo
 - 7- Diplomas de portugués de lingua extranxeira
- E- Turismo cultural:
- 1- Asesoramento e planificación
 - 2- Mediación
 - 3- Adaptación dos diferentes negocios turísticos aos clientes lusófonos e galegos
 - 4- Xestión de proxectos de aproveitamento dos recursos turísticos das rexións
- F- Planificación cultural/linguística :
- 1- Xestión e programación cultural en institucións e administracións a nivel local, rexional, interrexional.
 - 2- Proxectos rexionais
- G- Planificación cultural integral ó mundo lusófono
- H- Asesoramento integral no sector turístico

Grao de innovación do produto, proceso ou servizo

Presenta innovación disruptiva co servizo de Irmanamento de concellos que non se atopa no mercado. Innovación de integración en canto aos servizos integrais que conxugan a planificación, organización, mediación e /ou execución cultural e turística no eido lusófono.

Equipo promotor

Grupo de investigación Galabra, facultade de Filoloxía Galega, USC.

Iria Mayer Mayer. Licenciada en Filoloxía Portuguesa e Galega.

Doutoranda USC.

Raquel Bello Vázquez. Doutora en Fololoxía (Facultade filoloxía da USC).

Investigadora programa Isidro Parga Pondal.

María Felisa Rodríguez Prado. Licenciada en Filoloxía, sección Hispánica, subsección Galego- Portugués. Profesora asociada USC.

Elías J. Torres Feijó. Doutor en Filoloxía. Profesor titular da Universidade

M. Carmen Villarino Pardo.Doutora en Filoloxía galega (Literatura brasileira). Porfesora titular.

Roberto López- Iglesias Samartín. Licenciado en Filoloxía galega e portuguesa. Profesor Interino de Substitución UDC.

Marcos García - Investigador da, USC.

Antía Cortizas- Doutoramento USC.

Laura Blanco– Investigador da USC.
Gonzalo Cordeiro– Doutorando USC.
Gonzalo de Paula– Contrato temporal USC.